



XX CONCURSO INTERNACIONAL DE XÓVENES PREPARADORES

Un bo preparador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ao mesmo tempo os posibles defectos que poida ter.

O concurso de Xóvenes Preparadores consiste en que os xóvenes participantes demostren a súa habilidade na preparación de animais para a súa presentación en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ao máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fins perseguidos con este concurso son:

- * Animar aos xóvenes a interesarse e participar, dende idades temperás, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.
- * Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente foi menospreciado na nosa sociedade.
- * Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e subastas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendabilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓNS XERAIS

- 1.-** O concurso Internacional de Xóvenes Preparadores celebrárase o **Venres 21 de Febreiro ás 11.00 horas** no Recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA.
- 2.-** Nel poderán participar xóvenes de calquer nacionalidade, que o soliciten en prazo e forma e a súa idade non supere os 30 anos, inclusive.



3.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 31 de xaneiro de 2025.

4.- Para os participantes menores de idade, é imprescindible presentar a correspondente autorización, publicada na web www.xovenesgandeiros.com.

5.- Por necesidades de espazo e organizativas, **o prazo de inscrición rematará o día 3 de Febreiro de 2025**, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a esta data.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

6.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de becerras ou xovenas do Concurso Autonómico e/ou Internacional.

7.- Será responsabilidade de cada participante o inscribir ao Concurso de Frisón (ou pedir a outro gandeiro concursante), a xata /xovenca coa que vai participar, non obstante e para os participantes de outros países, será a organización quén lla proporcione.

8.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular aos xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia concursar.

9.- Para o pelado ÍNTEGRO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, aos participantes de 15 anos e menores, permitiráselles empezar 30 minutos antes.

10.- Cada concursante terá que ir provisto de todo o equipo necesario para o pelado, preparación e presentación do animal (máquinas, coitelas, cepillos, sprais, cabezada de pista, etc,..). Todo o material será por conta do participante.



ABANCA



11.- 15 minutos antes da hora de inicio establecida, os concursantes, - equipados con todo o seu equipo e material,- deberán de presentarse na zona de concurso, onde lles será adxudicada a súa praza, tras o cual e dentro da zona asignada, poderán preparar e dispoñer todo o seu equipo (enchufes, extensibles, máquinas, secador, etc,...) e igualmente, amarrar a xata /novilla coa que van concursar.

12.- O animal co que se participe, debe estar limpo, domado e que non se lle teña pelado ningunha rexión do corpo no último mes. O incumprimento desta norma será causa de descalificación.

13.- Durante o tempo que dura o concurso, cada participante deberá de manter debidamente atado e baixo control o animal co que participa, a fin de non interromper, molestar ou distraer a outros concursantes. Igualmente e en todo momento os concursantes deberán de manter unha actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros.

14.- Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 o 2:30 Horas segundo idade) tódolos concursantes deberán parar, deixar o animal nas condicións que se encontre e recoller o seu material.

15.- Na mesma praza que se preparou o animal e antes de saír a pista, os Sres Xuíces comentarán e valorarán co participante o traballo realizado, dándolle en privado, as explicacións, indicacións e consellos prácticos que en cada caso, proceda.

16.- Unha vez recibidas as explicacións na zona de pelado, os concursantes disporán de 15 minutos para cambiar as roupas de traballo polo uniforme de concurso (camisa branca e pantalón azul) e presentarse co seu animal á entrada de pista.

XULGAMENTO

17.- O xulgamento deste Concurso correrá a cargo dun Comité formado por un Xuíz Internacional.



ABANCA

Serán misións deste Comité:

18.- Revisar previo comezo da competición que todos os animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada e descalificar, se procede, a aqueles que incumplan dita norma.

19.- Avaliar o traballo individual que cada concursante realizara na preparación e pelado do seu animal, cumprimentando a seguinte táboa de valoracións:

VALOR	PARTES A PUNTUAR
5 max.	CABEZA- PESCOZO
10 max.	LÍNEA DORSO-LUMBAR
10 max.	BARRIGA
7 max.	COSTELAR / CORPO
5 max.	PATAS
10 max.	VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO
	APARENCIA XERAL
	REMATE FINAL
10 max.	VALORACIÓN DO PRESENTADOR
10 max.	ACTITUDE DO PRESENTADOR

20.- Unha vez en pista, colocar aos participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades demostradas.

21.- A avaliación e puntuación do traballo realizado por cada concursante realizarase na propia área de pelado, tralo cal e cos animais en pista, o Sr. Xuíz dará as súas explicacións en público e procederá a colocar a todos e cada un dos participantes no posto que polos seus méritos lle corresponda (punto 20).

22.- Expoñer ante público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.

23.- As decisións do Comité serán inapelables, polo tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.



ABANCA SECCIÓNS E PREMIOS



24.- Xulgarase a tódolos participantes dentro dunha única sección e con un mesmo baremo, non obstante os Sres. Xuíces poderán facer as observacións, salvedades e comentarios que procedan, naqueles casos que pola xuventude do concursante consideren oportuno.

25.- A entrada en pista será por rigurosa orde de idade de menor a maior.

26.- A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.

27.- Os participantes competirán polos seguintes premios:

Campión: escarapela, trofeo e 200€

Subcampión: escarapela, trofeo e 150€.

Mención de Honra: escarapela e 100€

Do 4º ó 6º clasificado: escarapela e 50€.

28.- Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión Internacional de Preparadores 2025.

PROTECCIÓN DE DATOS

29.- Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018.

Corresponsables do tratamento:

- **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

NIF: G36155208

Enderezo: Recinto Ferial s/n, 36.540, Silleda (Pontevedra) España

Teléfono: 986 577000

Correo electrónico: info@feiragalicia.com

- **CLUB XOVENES GANDEIROS DE GALICIA**

NIF: G70149331

Enderezo: Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705 Santiago De Compostela (A Coruña) España



ABANCA

Teléfono: 981573879

Correo electrónico: clubexovenes@fefriga.com



30.- Finalidade e lexitimación do tratamento:

1. Xestionar a súa participación no concurso e, de ser o caso, a entrega de axudas e incentivos pola súa participación no concurso. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe un contrato.

2. Xestión contable. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

3. Xestión fiscal. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.Promoción da actividade:

4.1. En caso de resultar gañador, trataremos os teus datos (nome e identificación da explotación) para dar a coñecer os gañadores mediante a súa publicación nas RRSS e páxinas web das entidades, catálogos informativos e/ou outros medios. Podemos tratar os seus datos para este fin porque temos un interese lexítimo en promover e proporcionar transparencia ao concurso.

4.2 En caso de que nos de a súa autorización trataremos os seus datos de imaxe para dar a coñecer as actividades da entidade mediante a toma e publicación das súas imaxes a través das RRSS e páxinas web das entidades, catalogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

5. Comunicación das súas imaxes as entidades designadas (AFRICOR PONTEVEDRA, AFRICOR OURENSE, AFRICOR A CORUÑA, AFRICOR LUGO e CONAFE) para a súa promoción da actividade mediante a toma e publicación das súas imaxes a través da páxina web, catalogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.



31.- Conservación dos datos:

Os seus datos conservaranse mentras se realice a actividade e durante o prazo de prescripción das accións legais que se poidan derivar acorde á normativa indicada.

Para as actividades de promoción os seus datos conservaranse mentras non retire o seu consentimento.

32.- Obriga de facilitar os datos

Os datos solicitados son necesarios para poder inscribirse, do contrario non poderá participar no concurso. As autorizacións non son obrigatorias.

33.- Destinatarios de datos:

a) Comunicaranse os datos do gañador á Administración Tributaria, para o cumprimento das obrigas legais.

b) Comunicaranse os datos do ganador á entidades bancarias para que realicen os pagamentos do concurso.

c) Os datos que sexan necesarios para o cobro/pago de indemnizacións ou para a atención, exercicio ou defensa de sinistros serán comunicados a compañías de seguros e reaseguros, corredurías de seguros e reaseguros, avogados, procuradores, Xulgados e Tribunais.

d) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) serán cedidos ó público en xeral mediante a publicación en RRSS e páxinas web das entidades, catalogos, memorias e/ou outros medios de comunicación.

e) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) se comunicarán a entidades colaboradoras (AFRICOR PONTEVEDRA, AFRICOR OURENSE, AFRICOR A CORUÑA, AFRICOR LUGO e CONAFE) para a súa publicación na páxina web das entidades, catalogos, memorias anuais u outros medios de comunicación.

f) Os seus datos poderanse comunicar ós nosos encargados de tratamento cando sexa necesario para a correcta prestación dos servizos contratados.



34.- Transferencias internacionais de datos:

No caso de que nos dea o seu consentimento para a toma e publicación das súas imaxes, con ocasión da publicación a través das redes sociais de CLUB XOVENES GANDEIROS DE GALICIA (Facebook e Instagram) e de SEMANA VERDE DE GALICIA (Facebook e Instagram) poderase producir unha Transferencia Internacional dos seus datos aos Estados Unidos ou a calquera outro país no que os seus subencargados manteñan operacións. Estas transferencias realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo ou garantías alternativas. Se o desexa pode obter máis información a través de: <https://es-es.facebook.com/privacy/explanation> e <https://es-la.facebook.com/help/instagram/155833707900388>.

35.- Dereitos do interesado:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber, cáles son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e si se teñen comunicado ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan precisos para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ó olvido.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos mesmos.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa técnicamente posible.
- Dereito a retirar o consentimento: poderá retirar o seu consentimento en calquera momento dirixíndose por escrito ó enderezo do responsable do tratamento, pero os tratamentos que xa se teñan efectuado continuarán sendo válidos.



ABANCA



36.- Exercicio dos dereitos:

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito, dirixíndose a Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) ou ó enderezo electrónico clubexovenes@fefrigga.com. Se pon a súa disposición modelos para a realización do exercicio de dereitos que poden obterse no enderezo ou a través do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: www.aepd.es.

37.- Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control:

No caso de que non se teñan respetado os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>. En ambos casos, deberá achegar a documentación pertinente.

DISPOSICIÓN FINAIS

38.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente reglamento.

39.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.